

A Galiza dos séculos XIX e XX: A ollada anglosaxona

KATHLEEN MARCH

Universidade de Maine

Resumo

Até entrado o século XX, o chegar a Galiza desanimaba a moitos viaxeiros; polo xeral, as terras galegas non figuraban nos itinerarios. As catro provincias de Galiza que partillaban unha lingua semellante ao portugués eran un enigma dentro do marco español, cuxa imaxe máis espallada fora construída cunha base na capital, cidades como Burgos e outras cidades de Andalucía. Os viaxeiros dependían dos anteriores para as recomendacións de aloxamentos, pratos típicos e actividades culturais. O mundo que se estendía ao outro lado da Serra de Cervantes apenas chamaba a atención. Os textos que aquí comentamos foron escritos por unha cantidade non numerosa de mulleres anglosaxonas (inglesas, unha escocesa e unhas estadounidenses) que viaxaron –contra a tendencia a seguir un itinerario máis turístico e coñecido– á Galiza de finais do século XIX e comezos do XX.

Palabras chave

Viaxeiras norteamericanas, viaxeiras inglesas, século XIX, Catherine G. Hartley, Katharine L. Bates, Georgiana King, Jane Leck, Ruth M. Anderson, Annette Meakin, turismo, Galiza.

Até entrado o século XX, o chegar a, e viaxar por, Galiza desanimaba a moitos. Algúns viaxeiros viñeron polo mar mais, polo xeral, as terras galegas non figuraban nos itinerarios. As catro provincias de Galiza que partillaban unha lingua semellante ao portugués representaban un enigma dentro do marco nacional español, cuxa imaxe máis tradicional ou oficial fora construída coa base das noticias espalladas sobre a capital, algunhas cidades como Burgos e diversas cidades andaluzas. Os viaxeiros máis recentes dependían dos anteriores para as recomendacións a respecto dos aloxamentos, pratos típicos e experiencias culturais. O resultado era que, cando entraban por terra, cruzando os Pirineos, o mundo que se estendía ao outro lado da Serra de Cervantes até Fisterra apenas chamaba a atención.

Os textos que aquí comentamos foron escritos por mulleres de Gran Bretaña e Estados Unidos que viaxaron a Galiza a finais do século XIX e comezos do XX. Eran mulleres sen cónxuxe, salvo unha (Hartley), quen se mostra excepcional: a miúdo decidía ela o itinerario, confesou que «buscaba aventuras» na vida e nas viaxes e acompañaba o esposo na pesca. Estas viaxeiras eran na súa maioría escritoras ou profesoras; unha era fotógrafa/etnógrafa.

Aínda que a industria do *turismo* xa comezara a aumentar a partir de 1850, axudada por empresas como a Cook's Tours¹ de Inglaterra, cremos que cada unha destas autoras se pode clasificar máis como viaxeira que como turista² –principalmente polo seu obxectivo de estudar e aprender da experiencia de estar noutro país. Unha delas (a norteamericana e moi patriota Katharine Lee Bates) experimentou a viaxe pola zona noroeste de Iberia como verdadeiro desequilibrio. Por ende, aproveitou sempre a oportunidade de afirmar case con belixerancia ideas negativas sobre as terras galegas, reaxindo de xeito moi distinto a todas as demais.

Agás Dorothy Wordsworth Quillinan (1771-1855), irmá do poeta William Wordsworth, que unicamente pasou polo porto de A Coruña rumbo a Portugal³, non se teñen iden-

¹ Georgiana Goddard King menciona os *Cook's Tours* como grupos de visitantes en viaxes de turismo, coa implicación de que eran numerosos e se notaba a presenza na paisaxe urbana.

² «The world-wide spread of contemporary international tourism has often been causally attributed to the industrial revolution, either as a direct effect, by pointing out how industrialization created the transportational and technical preconditions for massive travel, or indirectly, through the emergence of monied middle classes and greater productivity [...] The latter brought out paid holidays which, in turn, met an assumed general human propensity to travel» (Borozc 1992: 712).

³ O seu *Journal of a Few Months' Residence in Portugal and Glimpses of the South of Spain*, 2 volumes, foi publicado en 1847.

tificado obras de viaxeiras anteriores a 1880⁴. Faremos referencia a: *Iberian Sketches* (1884) de Jane Leck⁵, escocesa; *Spanish Highways and Byways* (1900) de Katherine Lee Bates⁶, estadounidense; *Galiza, Switzerland of Spain* (1909) de Annette Meakin⁷, inglesa; *Spain Revisited: A Summer Holiday in Galiza* (1911), de Catherine Gasquoine Hartley⁸, inglesa; *The Story of Santiago de Compostela* (1912), tamén da mesma Gasquoine Hartley (dunha viaxe que ela fixera dez anos antes); *The Way of St. James* (1920), de Georgiana Goddard King⁹, estadounidense; *Gallegan Provinces of Pontevedra and La Coruña* (1939), de Ruth Matilda Anderson¹⁰, estadounidense, quen fixo cinco viaxes a España entre 1923-30, dúas á Galiza, entre 1924-26.

Varias destas mulleres documentaron non só o que elas viron senón tamén o que creron ver na mirada dos locais que as observaban. Poderíamos falar dunha tendencia diferente á dos narradores masculinos. O xuntarmos británicas e norteamericanas permite comparar dalgún xeito a perspectiva europea coa norteamericana. Un dos países era unha nación establecida, con tradicións propias; o outro, moito máis novo, procuraba aínda no século XIX e comezos do XX desenvolver o seu potencial político, cun imperialismo solapado. Ese imperialismo non estaba exento de preocupacións relixiosas: moitos norteamericanos consideraban a sociedade protestante superior á católica, que consideraban máis primitiva, salvaxe e inmoral. A liberdade de culto fora o obxectivo de moitos dos primeiros colonos.

⁴ Quillinan morreu en 1847; o seu diario publicouse postumamente. A viaxe tivera lugar dous anos antes.

⁵ Autora de *Doon Lyrics* (1894); *Choice and Chance: «Love makes the choice, but fortune makes the chance»* (1912).

⁶ Autora coñecida sobre todo por ter escrito o poema que logo sería a letra da canción patriótica «America the Beautiful» (1893), que louba as belezas da paisaxe dese país.

⁷ Autora, tamén, de *A Ribbon of Iron* (1901); *Russia: Travels and Studies* (1906); *Hannah More, A Biographical Study* (1911); *Woman in Transition* (1907); *In Russian Turkestan: A Garden of Asia and its People* (1903); *What America is Doing*; *Letters from the New World* (1911); *Enlistment or Conscription?* (1914); *Inez de Castro, a Tragedy in Three Acts* (1930).

⁸ Autora prolífica de obras extensas sobre diversos temas: *A Record of Spanish Painting* (1904); *Pictures in the Tate Gallery* (1905); *Moorish Cities in Spain* (1906); *The Prado: A Description of the Principal Pictures in the Madrid Gallery* (1907); *Velázquez: An Account of his Life and Works* (1908); *The Story of Seville* (1910); *The Cathedrals of Southern Spain* (1913); *The Truth about Woman* (1913); *Motherhood and the Relationships of the Sexes* (1917); *Women's Wild Oats: Essays on the Re-fixing of Moral Standards* (1920); *Divorce (to-day and to-morrow)* (1921); *Mother and Son: A Psychological Study of Character Formation in Children* (1923); *Things Seen in Spain* (1927).

⁹ Autora de *Sardinian Painting* (1923); *Pre-Romanesque Churches of Spain* (1924) e *Heart of Spain* (1941).

¹⁰ Autora de *Hispanic Costume, 1480-1530* (1979); *Costumes Painted by Sorolla in his Provinces of Spain* (1957); *Spanish Costume: Extremadura* (1951); *Images in Procession: Testimonies to Spanish Faith* (1963); *La Golilla: A Spanish Collar of the 17th Century* (1969); «El chapín y otros zapatos afines» (1959).

Aínda que estas autoras partillaban unha identidade anglosaxona que contrastaba coa latina da península, tamén podemos sinalar que a miúdo partillaban os elementos célticos de Galiza. Isto criou unha complexidade para a interpretación desta zona, *cando e se* as viaxeiras eran conscientes dos elementos que diferenciaban a Galiza do resto de España. A pesar de non estar na ruta principal do *Grand Tour*, *España* si atraía a certo número de visitantes. O motivo da fascinación foi algo diferente para os norteamericanos: debíase en parte ás relacións de ambos os dous países, Estados Unidos e España, cos outros países americanos e, en parte, ás publicacións dalgúns intelectuais americanos, participantes tamén nun xeito de *Grand Tour*, que foron os verdadeiros fundadores do hispanismo en Estados Unidos. Por exemplo, as publicacións de Washington Irving (1820-1830) espertaron a imaxinación americana e proporcionaron a conexión con Colón¹¹. Non importaba que nas súas viaxes e diarios Colón non pensara en América do Norte: a súa figura unía as nacións americanas fronte a Europa (Bushman 1992). Outras figuras norteamericanas, como Caleb Cushing¹², Hannibal Hamlin, e George Ticknor, partillarían as súas experiencias, sobre todo en Madrid e algún outro centro cultural consagrado. Segundo Mitchell (1990), houbo outras anglosaxonas anteriores á dona de Cushing.

A imaxe de España non era monolítica para os intelectuais americanos. Os seus líderes vían a súa nación como xove, democrática e protestante, superior a unha España colonial, vella e católica na que o atraso se podía comprobar, por exemplo, na restauración da Inquisición durante o reino de Fernando VII. Despois da guerra do 98, os norteamericanos podían ver España con compaixón e un pouco de superioridade, como un país en vías de recuperación, un país cuxo imperio xa non era rival para os desigñios dos estadounidenses nas Américas. Ao mesmo tempo, algúns estadounidenses sentían a atracción do exótico e o antigo en consonancia coa imaxe que España tiña entre os escritores europeos, especialmente franceses e alemáns. Intrigáballes a herdanza dos mouros e outros grupos que poboaran a Península. España mesmo ofrecía leccións políticas: o colonialismo ibérico, decadente e monárquico, valía pouco ante o crecente expansionismo de Estados Unidos. Tamén os lectores americanos das guías de *España* buscaban aventura¹³ e sabían que o terreo artístico-literario axudaba

¹¹ «Washington Irving, descubridor de Colón y los lugares colombinos». Disponível en: http://www.diphuelva.es/contenido_basico.asp?idContenido=612 [consult. 28.02.2011].

¹² Diplomático e viaxeiro (1800 – 1879), autor de *Reminiscences of Spain* (1833), froito dunha viaxe de 1829 - 1831. A súa dona, Caroline Wilde Cushing, non chegaría a ver en vida a publicación das súas cartas de viaxe.

¹³ «[...] Spain perhaps was seen as an agent of Western consolidation for having unified its diverse kingdoms and successfully repulsed the Moorish occupants in 1492. Americans were very significantly turning their eyes toward crucial episodes in the formation of modern Spain at a time when they too were strengthening their own nationhood» (Gifra-Adroher 2000: 16).

a forxar carreiras intelectuais, como as de George Ticknor, Henry Wadsworth Longfellow e Washington Irving. Se ben os viaxeiros a *Galiza* que tiñan coñecementos históricos se verían obrigados a situar o exótico e antigo na cultura *celta*, iso non impediu que houberse algunhas mencións de trazos árabes na arquitectura¹⁴ (e case sempre menciónase o motivo de Almanzor como ladrón das campás da catedral santiaguesa¹⁵).

A escaseza de material preparatorio para os viaxeiros a *Galiza*¹⁶ permítenos avaliar o manexo e fiabilidade das fontes de información, o acordo ou desacordo con que as citaban e a repetición de motivos histórico-culturais, aplicados a toda España. Xa na primeira metade do século XIX, o romantismo, coa valoración do popular en Galiza, salientara o valor do non español. A lingua galega como irmá do portugués e as prácticas culturais deste territorio ibérico serían vencelladas polos intelectuais galeguistas aos países celtas do norte. Aínda que as vicisitudes da unión británica tamén foron moitas e moi marcadas durante o século XIX, carecemos de datos sobre as autoras que nos permitisen saber as súas opinións sobre a «soberanía celta» en Grande Bretaña. As viaxeiras inglesas si subliñaban os vencellos célticos dos galegos como positivos; para elas, ironicamente, facían de Galiza un territorio máis «británico»¹⁷. As norteamericanas case non parecían mostrar interese polo tema celta, como tal vez tampouco se interesaban por Inglaterra, a anterior dona das colonias americanas.

Tanto os británicos como os norteamericanos podían ter recoñecido a contradición dunha Galiza autónoma coa idea de *España*. Cal (1998) distingue a aparición de impresos periódicos en Galiza xa en 1808, con motivo da loita contra Napoleón. Estes foron seguidos por outros xornais despois da revolución de 1868. A partir deste momento, empezaron a saír publicacións en ambas as linguas e na primeira década do

¹⁴ Bates, aínda que está na casa dunha campesina, observa: «From a convenient hollow in a pillar of Arabic tradition she proudly drew her library, - a shabby primer and a few loose leaves of a book of devotion» (Bates 1900: 441)

¹⁵ Véxase Cristina de la Puente González (2001): «La campaña de Santiago de Compostela (387/997): Yihad y legitimación del poder», *Qurtuba: Estudios andalusíes*, 6, 7-21. Tamén M^a Isabel Pérez de Tudela y Velasco: «Guerra, violencia y terror. La destrucción de Santiago de Compostela por Almanzor hace mil años», 9-28. Dispoñíbel en: <http://revistas.ucm.es/ghi/02143038/articulos/ELEM9898110009.A.PDF> [consult. 28.02.2011].

¹⁶ Os países do *Grand Tour* eran, sobre todo, Suíza, Franza, Alemania e Italia e, ás veces, Grecia. De todos modos, ao tema de España como país misterioso, católico 'en exceso' –por mor da Inquisición–, terra de lentitude e indolencia, poderíase dedicar máis dun libro.

¹⁷ A dedicatoria do libro de Meakin di: «This volume is respectfully dedicated to Her Majesty Victoria Eugenia. Galicia's Queen».

século XX medraron. Murguía, a quen chegaron a coñecer e cuxos libros consultaron algunhas das viaxeiras, foi líder do rexionalismo e participante, xunto con Rosalía de Castro, no banquete de Conxo de 1846. Este acto, tan significativo para o desenvolvemento do concepto de nación, non foi motivo de comentario para os que visitaban a zona, malia que un estranxeiro que tivera contacto cos galegos puidese terse informado do banquete e de outros actos e publicacións. Mais a celtomanía dos galeguistas é motivo de riso na capital madrileña (Cal 1998) e, se cadra, Madrid era por onde empezaban a coñecer a xeografía e as culturas periféricas de Iberia. A Academia Galega, fundada en 1905-1906, puido ser obxecto de interese para as viaxeiras, mais apenas mereceu atención.

Noutras palabras: malia ser a primeira e segunda décadas do século XX de grande importancia para o nacionalismo galego, non figuran as actividades galeguistas desta época nos escritos das anglosaxonas. En 1916, fundaríase a *Irmandade dos Amigos da Fala Galega*. Só 16 anos antes, Bates aínda partillaba o desprezo dos ingleses Richard Ford e George Borrow dicindo: «This far northwestern province is the Boetia of all the Peninsula, and to be called a Gallego is to be called a fool» (Bates 1900: 399-400) Aínda que fose académica, simplemente repetía os comentarios dos ingleses. Ben se ve que o pouco atractivo que tivera para ela un país católico tiña que ir acompañado do sol e espectáculo dunha semana santa sevillana para que fose obxecto de admiración.

Seméllanos fundamental para comprendermos as perspectivas destas viaxeiras o seu dominio do idioma, o que condicionaría a capacidade de comprender o que lían e escoitaban, aumentando ou diminuíndo as posibilidades de acceder ás voces do pobo. As probas da súa capacidade comunicativa vense en parte nas fontes que aparentemente consultaron, nas anécdotas, nas observacións metalingüísticas sobre o modo de falar galego e nas citas textuais dos seus libros. Ás veces, as limitacións lingüísticas das autoras resultan en datos trabucados, incompreensión ou –curiosamente– nunha idealización do «outro» no que se converte o galego para elas. Tendo en conta o humilde status social e a limitada importancia política da poboación galega dentro do marco de *España*, témonos preguntado como as viaxeiras anglosaxonas perceberían o emprego do galego e se para elas había unha realidade non española. Nos seus escritos, ás veces, notan o illamento e abandono político de Galiza por Madrid, mais curiosamente esta condición non se compara coas zonas celtas de Gran Bretaña que tamén reclamaban unha forma de autonomía.

1. Jane Leck: Devanceira escocesa

Das 166 páxinas de *Iberian Sketches: Travels in Portugal and the North-West of Spain*, que abranguen unha viaxe de sete semanas, 40 tratan a estadía de Leck en Galiza. A conciencia de que emprende unha viaxe por terras descoñecidas para moitos¹⁸ influirá na súa narración, no estilo, especialmente en relación co uso dun humor sutil, e coa capacidade de definir sen condenar fenómenos tais como a abundancia de esmoleiros. Aínda que é a primeira que chega a terras galegas, Leck nega que o aloxamento en España sexa catastrófico. Tamén mostra unha capacidade de desfrutar a beleza natural e de aceptar os grandes desafíos do traslado por esta zona. Escrebe:

Galicia, mountainous, well wooded and well watered, is one of the most beautiful provinces of Spain. Its inhabitants, like the natives of most mountainous lands, are passionately attached to their home, and although forced to seek occupation in distant towns, they retain their native dress and dialect, along with a undying hope of returning to their hills (Leck 1884: 39-40).

Quince anos máis tarde, Katharine Lee Bates expresará noxo diante das condicións primitivas, tanto dos lugares en que lle toca durmir como dos medios de transporte galegos. As outras viaxeiras non contan experiencias desagradábeis (agás o pouco que di Hartley dunha posada en Tui) de alimento e aloxamento. Hartley reconece que houbera queixas, mais nega ter encontrado esas condicións. Leck admitiu e gozou da lentitude da vida en España e Hartley afirma a mesma cualidade como calidade de vida dúas décadas despois. O bon humor de Leck perante algunhas incomodidades contrasta coas queixas de Bates.

1.1. O celtismo

Morgan, en *National Identities and Travel in Victorian Britain* (2001), trata o tema das diferenzas entre ingleses, irlandeses, galeses e escoceses naquela época. As diferenzas locais ou rexionais, que condicionan tanto as percepcións dos viaxeiros sobre as rexións ‘non tan inglesas’ de Inglaterra, como as percepcións dos británicos que viaxan a outros países, puideron influír nas viaxeiras a Galiza. Leck fai referencias ás similitudes paisaxísticas entre Escocia e Galiza. Annette Meakin dedica moitas páxinas ás orixes celtas de Galiza, baseando a súa información en Jubainville, Flórez,

¹⁸ Meakin y Hartley repetirán o comentario sobre o pouco coñecida que é Galiza.

Xulio César, Villa-Amil, Aguiar e outros, e afirma que os escoceses e irlandeses son descendentes dos *españoles* [sic]. Entre os seus argumentos están algunhas tradicións e topónimos, como o exemplo de Cymbru (Gales) como raíz de lugares galegos: *Cam, Camb, Cambr, Cim* e *Cimbr* (Meakin 1909:10)¹⁹. En troques, as extensas disquisicións de Hartley sobre a herdanza celta dos galegos céntranse máis na paisaxe humana que na xeográfica. A énfase no céltico desta escritora *non* celta cría un texto máis idealizado, folklórico e exótico que o de Leck. Dos celtas os galegos herdaran, teoriza Hartley, a aptitude para o traballo, a tenacidade, o carácter doméstico, a capacidade poética. Insiste nesta herdanza en, polo menos, tres capítulos diferentes de *Spain Revisited*. En ningunha das autoras foi vista como defecto ou pexa a conexión celtismo/cultura galega. Un pouco máis tarde, Georgiana King, norteamericana, traceará a relación con Escocia, en particular, e mencionará que ela ten lazos escoceses persoais, o que se interpreta como intento de estreitar os vencellos que ela ten con Galiza, personalizando a súa experiencia ou xustificándoa como investigadora académica.

2. Referentes históricos e a interpretación de Galiza

As viaxeiras por Galiza conxugan constantemente pasado e presente. En Hartley, esta fusión/contraste faise louvando un futuro de democracia e progreso. A historia consiste en tribos, monarcas e soldados, por unha banda, e nos trazos relixiosos, por outra. Así, sublíñanse os parámetros históricos para a descrición da arte e arquitectura, manifestacións culturais que tenden a ser da igrexa e organismos gobernamentais ou municipais. Desde a perspectiva do *Grand Tour* esta información histórico-cultural dignifica a viaxe porque a presenta como oportunidade de ampliar os coñecementos da arte. Mesmo Bates, coa súa actitude predominantemente negativa, atopa elementos loábeis na catedral! En 1912 Hartley publica un volume enteiro sobre a cidade de Santiago, baseándose principalmente na historia eclesiástica.

Os textos clave para estas viaxeiras son os dos ingleses Richard Ford e George Borrow, non moi favorábeis a Galiza. O de Ford fíxose como guía á petición do editor John Murray; publicouse en 1845. O éxito foi tal que en 1846 Ford publicaría o máis manexábel *Gatherings from Spain*, que tamén tivo unha recepción moi favorábel. A intención de Borrow non sería escribir unha guía para viaxeiros, mais o seu talento

¹⁹ Da capacidade filolóxica de Meakin teríamos que dicir que non sempre acerta. Un exemplo é cando afirma que Lima, capital de Perú, ven de Limia (galego) e Lima (portugués). A Lima americana vén do quechua *rimay/rimaq*, falar/o que fala, e refírese ao son do río que desemboca no mar Pacífico.

descriptivo e narrativo produciu un libro que se tornou moi popular entre os que preparaban unha viaxe a España. Para os Protestantes, *The Bible in Spain* tería o atractivo adicional de contar as experiencias dun viaxeiro religioso que tentaba repartir exemplares da Biblia nun país quizáis «católico de máis». Quer dicer, os motivos e descrições de Borrow leríanse con moita confianza na súa veracidade. Outro británico que servirá como fonte de información é George Edmund Street (1824-1881), autor dun volume sobre a arte gótica española e cuxas cartas Georgiana King editaría en 1914²⁰. A edición de Street feita por King mostra, ademais, a comunicación de ideas sobre España que existiu durante varias xeracións do mundo intelectual-artístico anglofalante. E é indicio do importante papel que exercía a *Hispanic Society of America* na promoción e preservación da relación cultural con España²¹. Á parte das fontes inglesas, hai mencións da guía de Baedeker (que Hartley critica por non estar ao día, dado o marcado *progreso* de Galiza). Para Meakin e Hartley, hai ademais textos en español que van desde o século XVI até estudos contemporáneos publicados polo Ateneo de Madrid: os traballos de Villa-Amil²², Flórez²³, Barros Sivelo²⁴ e López Ferreiro²⁵, e o libro do Padre Fita, *Recuerdos de un viaxe a Santiago de Compostela* (1880), entre outros²⁶.

Como os viaxeiros masculinos, as mulleres preparábanse para a viaxe con lecturas de diverso tipo. A serie de John Murray (da que o primeiro volume apareceu en 1836) foi a máis popular até a chegada das guías Baedeker a finais do XIX. A curiosa mestura

²⁰ Georgiana Goddard King (1914): *George Edmund Street: Unpublished Notes and Reprinted Papers. With an essay* (NY: The Hispanic Society of America). Probabelmente a editora viaxou por primeira vez a España, se non a Galiza, antes de 1914.

²¹ *The Hispanic Society of America* foi fundada en 1904 por Archer M. Huntington. Ten publicado máis de 200 títulos e organizado importantes exposicións artísticas. A relación de Huntington con Sorolla tivo como resultado unha exposición de 1909 da obra do pintor español. Un dos cadros de Sorolla influíu na imaxe que Ruth Matilda Anderson leva á Galiza, coa súa procura da vestimenta típica dos galegos. Anderson expresa a súa desilusión ao non atopar inmediatamente o mesmo traxe que vira no cadro de Sorolla.

²² José Villa-Amil Castro (1873): *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galiza* (Lugo: Souto Freire); (1975) [1875]: *Ensayo de un catálogo sistemático y crítico de libros, folletos y papeles que tratan de Galiza* (Barcelona: Ediciones El Albir).

²³ Enrique Flórez (1879): *España Sagrada. Teatro Geográfico-Histórico de la Iglesia de España* (Madrid: Imprenta de José Rodríguez).

²⁴ Ramón Barros Sivelo (1875): *Antigüedades de Galiza* (A Coruña: Imprenta de D. Domingo Puga). Reeditado pola editorial Toxosoutos en 2007.

²⁵ Antonio López Ferreiro (1895): *Fueros municipales de Santiago y de su tierra* (Santiago: Imp. y enc. del Seminario C. Central); (1898-1910): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela* (Santiago: Impr. del Seminario C. Central).

²⁶ Sería interesante estudar como achaban estes textos en español, se mediante bibliotecas ou institucións culturais ou amigos e contactos persoais. Tamén cumpriría ver se os compraban e onde.

de anécdotas persoais con feitos históricos e datos prácticos puido ter influído en moitos dos usuarios. Aínda que non hai espazo para expormos as semellanzas estilísticas, o costume de Ford de mechar a prosa inglesa con termos doutras linguas (español e galego) tamén foi modelo de Hartley, Bates, Meakin e Anderson. O recurso estilístico de inserir elementos da outra cultura no texto inglés serve para entreter e instruír, mais tamén o efecto é convencer os lectores de que o viaxeiro presta atención aos detalles e que domina o idioma. Proporciona un ar «pintoresco» e dá a impresión de que o que se di é a verdade. Buzard (2002) nota que o concepto de «o pintoresco» entrou no debate cultural con o Reverendo Gilpin en 1770-80 e o ensayo «Essay on the Picturesque» de 1794. Nas viaxeiras anglosaxonas o pintoresquismo lingüístico arrequece o texto inglés, interrompendo a tona lisa do monolingüismo e, así, entreendo aos lectores cunha pequena dose de *local color* hispano-galego.

Malia citar copiosamente as obras mencionadas, as viaxeiras non sempre están de acordo cos autores e ás veces ofrecen elas as súas propias interpretacións da arte ou da historia. Non obstante, como temos visto, unha escritora tan favorábel a Galiza como Catherine Gasquoine Hartley apóiase nas investigacións dos viaxeiros e eruditos masculinos que menosprezaron. Mesmo uns volumes que consultou Richard Ford figuran nos das viaxeiras, como *España Sagrada* (máis de 50 volumes con 9 sobre Galiza)²⁷; *Ensayo sobre la Historia de Galiza* de Vereá e Aguiar²⁸, o xa citado de Barros e Sivelo ou os once volumes sobre a catedral de López Ferreiro. Ás veces as autoras citan case as mesmas pasaxes dos seus predecesores. Case nos preguntamos se elas se consideraban competidoras polo título de «experta en cositas gallegas» do mesmo modo que fixeron os autores que publicaran sobre as «cosas» ou «cositas» de España²⁹. Foran empregadas esas citas por moitos outros textos de viaxeiros ás terras galegas? Cómpre lembrarmos que «the popularity of books on travel was second only to that of novels in nineteenth-century Britain» (Buzard 2002: 22). Parece que entre

²⁷ Título completo: *España Sagrada. Theatro Geográfico-Histórico de la Iglesia de España. Origen, Divisiones y Términos de todas sus Provincias. Antigüedades, Traslaciones y Estudio antiguo y presente de sus Sillas, en todos los Dominios de España y Portugal. Con varias Disertaciones críticas, para ilustrar la Historia Eclesiástica de España.*

²⁸ José Vereá e Aguiar (1838): *Historia de Galiza: primera parte, que comprende los orígenes [sic] y estado dos pueblos septentrionales y occidentales de la España antes de su conquista polos romanos...* (Ferrol: [s. n.] Imprenta de D. Nicasio Taxonera).

²⁹ John Milton Mackie (1885): *Cosas de España: Or; Going to Madrid Via Barcelona* (New York: Redfield). Mrs. Wm. Pitt Byrne (1866): *Cosas de España. Illustrative of Spain and the Spaniards as they are* (London and NY: Alexander Strahan). Richard Ford (1974) [1846]: *Las cosas de España*, trad. Enrique Mesa (Madrid: Turner). Mrs. Annie Jane Harvey (1875): *Cositas españolas; or, Every day life in Spain* (London: Hurst and Blacket).

as viaxeiras a Galiza había guías ou manuais que eran ‘un pouco máis’ populares e que a influencia deses libros nos seus escritos é notábel. Sería lóxico supormos que a repetición de ideas e datos mostraba a veracidade dos textos femininos, mais as autoras citaban fontes moi trilladas e remotas no tempo. Podería atribuírse esta práctica, ou ben á canonización de testemuñas anteriores, a un factor de xénero (a muller tiña que basearse nas autoridades masculinas e eclesiásticas), ou inclusive á falta de novas fontes de información sobre Galiza.

Porén, agás a norteamericana Bates, o estilo de viaxaren e de estaren elas en Galiza non é igual ao dos seus antecesores masculinos. O ton aventureiro e de autoimportancia deles, nelas adoita ser máis reflexivo e presenta un intento máis evidente de analizar o galego de perto, non só mostralo como pintoresco. Bates si empeza o seu *Spanish Highways and Byways* co capítulo titulado «Lazy Spaniard»³⁰, mais Hartley contradi a imaxe do «español indolente» e o seu retrato de Galiza é un enaltecemento afervoado dun territorio idílico, cheo de camponeses traballadores, listos para un gran pulo cara o futuro. Este ambiente popular, repleto de industria humana, canto, poesía e bailes locais que presenta Hartley, contrasta fortemente coa súa extensa indagación da liturxia e tradición católicas. Para a viaxeira de considerábel curiosidade e formación intelectual, que pouco despois publicaría obras feministas que están case sen estudar aínda, Galiza era exemplo de progreso e liderato para toda España³¹.

O estilo de Georgiana King é o dunha viaxeira coa capacidade de observación da cultura de estilo académico. Profesora da historia da arte, King mesmo menospreza o compromiso de Hartley con Galiza e o seu estilo persoal de presentala. No terceiro volume de *The Way of St. James*, King mostra a súa perspectiva académica con detalle³².

³⁰ Achamos o termo en textos como *The Gentleman's Magazine*, vol. LX, 331 (Londres 1790) e, mesmo, no vol. XLIX, 197 (1780). Tamén se atopa en *Harper's New Monthly Magazine* (1851), the *Dublin University Magazine* (1851), *Brownson's Quarterly Review* (1853) e outras publicacións. Claramente era un tópico moi temperán nas imaxes que existían no mundo anglosaxón.

³¹ Na obra *The Truth About Women* (1913), Hartley mencionará que as mulleres son tan capaces como os homes de faceren cosas que esixan boa motricidade. Aínda que unha autoridade masculina –Karl Vogt– afirma que teñen aprendido agora a escribir a máquina, ela usa o exemplo da pesca e de como unha muller pode gañar un concurso. É curioso, porque o seu esposo era afeccionado á pesca e parte da súa documentación da viaxe a Galiza inclúe recontos das excursións aos lugares de troita. No capítulo VIII, «Women and Labour», inclúe exemplos do traballo manual feito polas galegas que ela observou na viaxe. Cumpriría analizar estas obras posteriores para ver até qué punto o observado en Galiza influíu no que despois Hartley publicou sobre temas feministas.

³² King foi fundadora, en 1913, del primeiro departamento de Historia del Arte en Estados Unidos, en Bryn Mawr College. Dispoñíbel en: <http://www.brynmawr.edu/library/carpenterbios.shtml> [consult. 28.02.2011].

Ao mesmo tempo, ela, que tamén é poeta, deixa albiscar a súa visión persoal. Di: «In the great years, and at the height of the season, this church must have been –God forgive me!– rather like Coney Island» (King 1920: 173) (curiosamente, xa Bates comparara o 25 de xullo con o 4 de xullo, día da independencia estadounidense).

King ampliaría e renovaríaa o discurso típico sobre o culto a Santiago co estudo polo miúdo de posíbeis fontes precristianas. A súa insistencia en Santiago como «cidade morta» é referencia implícita (cremos) á Quintana dos Mortos e, claro está, a Compostela como sitio dos *composita* antigos que se identificaron no século IX. Referirse á morte que permea e está enterrada baixo as lousas de boa parte de Santiago de Compostela é lembrar a historia da cidade e o seu valor artístico e non concederlle valor ao turismo moderno e superficial. Non analizamos este detalle; simplemente mencionamos o contraste de King con Hartley, que afirmara que Santiago era unha «cidade viva». King non condena a imaxe de Santiago como o fai a súa compatriota Bates. Para King, a frase «cidade morta» sinala o peso da tradición eclesiástica coa súa profunda base histórica, pre-cristiá³³ e a tradición persoal da peregrinaxe. Ruth Matilda Anderson refírese a mulleres viaxeiras a Galiza, aínda que no seu texto só menciona a unha compatriota anónima que fixo o Camiño de Santiago a cabalo³⁴. Na bibliografía de Anderson atopamos tamén a Meakin e o libro sobre Santiago de Hartley. As fotografías e descrições case íntimas que fai Anderson dos interiores, utensilios e vestimenta populares son hoxe en día un documento etnográfico de inmenso valor. Contrastan coas viñetas de Bates, quen personaliza moito e escolle adxectivos destinados a crear unha reacción negativa nos lectores. O seu punto de vista, coa incapacidade de ver máis alá da súa incomodidade persoal vaino contradicir pouco despois a máis perspicaz e máis reflexiva Hartley³⁵.

³³ «Santiago is a dead city. The town is full of the crying of bells, for bells are voices of the dead, warning, impelling, urging, arresting; calling to recollection, signalling to prayer, sounding for the passage of time, marking the years of one dead, clamouring at sunrise like sea-birds, clanging in the green clear twilight of early moonset, make the devotion appointed» (King 1920: 18-19). E máis tarde: «It is a dead town, monumental and *triste*; with gigantic edifices of churches and convents that were too rich for their own good. Here and there flowers a happy bit of Renaissance, as in the arcade *Tras de Salomé*, and one day we came suddenly upon a Gothic house [...] But most of the streets are oppressed with the heavy pomp of the seventeenth century, square doors and shallow mouldings» (King 1920: 196).

³⁴ Puido ser Georgiana King, quen fixo o Camiño de Santiago e escribiu tres volumes moi coñecidos sobre el.

³⁵ Comenta a actitude do viaxeiro en máis dunha ocasión e chega a facer unha autocrítica cando, na volta a Vigo, pouco antes de voltar a Inglaterra, confesa que o tempo de choiva afecta o que ve: «My mood was in a correspondence with the greyness, and I began to criticise and analyse – I saw dirt, where before I had found picturesqueness, poverty where I had envisioned beauty [...] Then I chanced upon a charming scene» (Hartley 1911: 311).

3. O estilo, a estrutura, as mulleres vistas polas estranxeiras

De todo este grupo de viaxeiras, o estilo máis ameno e accesíbel pertence a Anderson; aínda que sexa ela a máis didáctica, concéntrase en documentar miudezas da sociedade galega popular máis que en recontar a historia, porque é o que lle ten encargado a *Hispanic Society of America*. Os detalles e a capacidade ou, polo menos, o *desexo* de comprender aos galegos *in situ* e na actualidade superan as demais. Aínda que Hartley non agachara o seu entusiasmo polo lugar e a xente e inclúe unha ampla cantidade de datos histórico-culturais tirados doutros textos da súa extensa investigación, o resultado é distinto. Hartley dá a impresión de ser xornalista profesional e viaxeira de moita experiencia. Anderson é a espectadora máis inxenua e calada mais ten a capacidade de captar un momento importante nunha foto ou anécdota; consegue entrar nalgúns lugares e permíteselle facer fotografías que se diría que ningunha persoa non galega volvería tirar.

Todas as viaxeiras dende Leck documentan escenas das mulleres galegas. Agás as observacións de aspectos físicos, anotan o traballo que fan. En Bates non se detecta un grande entusiasmo polo labor feminino (mesmo as chama de maneira displicente «little brownies» ás mulleres do campo). En Meakin, Hartley e Anderson si hai un grande respecto pola forza física das camponesas; en Anderson o detallismo co que se abeira a todo inclúe a vestimenta e a maneira de traballar das mulleres de todas as idades. A descrición da roupa convértese en comentario sobre a creatividade con que usan unha prenda, como un xale, para os diferentes tipos de tempo (sol, choiva, etc), a variedade de nós e pregues que melloran a aparencia, ao mesmo tempo que permiten levar a cabo as súas tarefas. Motivo frecuente en Hartley e Anderson é a rectitude das mulleres e a súa capacidade de traballar en todas as tarefas, especialmente porque non hai homes que fagan os traballos máis duros. O decatárense da falta de homes mostra que estas escritoras saben que a emigración masculina á procura de empregos mellor remunerados tiña deixado a moitas mulleres soias (e con os traballos peor pagados). Obsérvase positivamente a forza física combinada coa graza e axilidade que mostran ao levaren obxectos na cabeza. O que resulta cómico na opinión de Bates, noutras é homenaxe ao enxeño e pragmatismo das mulleres galegas. De marcado contraste é o estilo descritivo de Anderson: a súa capacidade de colocar as camponesas no contexto máis amplo de país sen recursos industriais mais de boa estirpe humana é un marco eficaz para as múltiples fotografías que son testemuña dunha sociedade multifacética –non só baseada na historia eclesiástica nin na pobreza.

4. A paisaxe galega

Mencionamos só de paso as interpretacións da paisaxe de Galiza, todas moi positivas. As viaxeiras decátanse da paisaxe e en varias ocasións compáranas coa do seu país: Leck fala das rías como *lochs*³⁶, e compara a bisbarra de Vigo con «the West Highlands of Scotland, in its pine-covered hills sloping to the sea, the fresh verdure of its grassy knolls...» (Leck 1884: 48). E lembremos que o título de Meakin é *Galiza, the Switzerland of Spain*. A Suíza como punto de referencia xa se atopa en Ford e en Borrow³⁷, aínda que Borrow a usa para as montañas asturianas, e nalgún momento outros viaxeiros se teñen referido a outras zonas de Iberia como «Suízas de España». É lixeiramente irónico o uso polos viaxeiros do termo Suíza como comparación cando xamais consideran que *Galiza* sexa nación autónoma. Vese que a comparación está baseada unicamente na semellanza xeográfica e climática. A choiva, a cor verde, clima fresco e abundancia de auga nos ríos deberían contrastar coa imaxe de España máis coñecida.

Galiza convértese nun verdadeiro *locus amoenus* para Hartley. Para apoiar o retrato tan favorábel, esta escritora empregará a historia, afirmando que Galiza é o lugar de orixe de España por ser zona de forte resistencia aos invasores musulmáns e que Lugo fora a capital de España. Ironicamente, o desexo de Hartley de enaltecer Galiza resulta nunha españolización que, se cadra, non sentiran os galegos, sobre todo na segunda metade do século XIX, período de formación do pensamento diferenciador galeguista –pensamento que se dirixía a Portugal e, sobre todo, aos países célticos. Nunha edición posterior de *A Biblia en España*, o editor deste libro corraxirá o erro de identificación de Lugo como capital de toda España, dicindo que só o foi da zona norteña.

5. Nación ou rexión?

É complexo o concepto de Galiza como nación ou a identidade galega como algo distinto á española. Nestes textos trócanse constantemente *Gallegan* e *Spanish* ou

³⁶ «The Ria, or loch of Vigo, is an arm of the sea running inland for about fifteen miles, and having its entrance effectively guarded by the three rocky islands of Cia [sic]» (Leck 1884: 44).

³⁷ «In the verdurous meadows of this Switzerland of Spain any quantity of cattle might be reared» (Ford 1855: 587). Borrow, ao comentar su chegada a El Vierzo [sic], explica: «Bembibre lies on the southern confines of the district of El Vierzo, one of the most interesting and least explored parts of the Peninsula, the Switzerland of Leon, a district of Alpine passes, trout streams, pleasant meadows, and groves of chestnuts and walnuts» (Borrow 1843: 333-334).

Spaniard, ao mesmo tempo que se menciona a lingua galega ou, como mínimo, o dialecto galego. Non se emprega o termo *Galician* como adxectivo, aínda que hoxe en día este é o termo inglés preferido xa que *Gallegan* emprega a lente da lingua española. Ao mesmo tempo, a ausencia do adxectivo inglés *Galician* significa que o concepto dunha identidade galega de calquera tipo aínda non deixara a súa pegada no idioma anglosaxón. Porén, a historia de Galiza, construída polas olladas de estranxeiros e hispanistas formados na tradición españolista, non impedía que as viaxeiras formasen algunha interpretación independente. Meakin abre o seu libro coa observación de que:

Galiza is the least known and least written about of all the little kingdoms that go to the making of Spain...; [...] Spanish geographers to this day call her a *reino*, or kingdom, and divide her into four little provinces... Like our Wales, Galiza once had kings of her own... (Meakin 1909: 1).

A fin de contas, se callar, a falta de información sobre Galiza fixo que non saíse conceptualmente por debaixo da sombra de Madrid para a ollada das viaxeiras; claramente non pensaron elas, nin ninguén, en termos de nación independente. Aínda que Hartley puido ver as facetas admirábeis de valor na guerra contra as tropas napoleónicas, como xa observamos, non menciona os movementos galeguistas da mesma época en que Ford e Borrow foron a Galiza. Todo visitante podería ter coñecido o labor, dende 1840, dos intelectuais galeguistas. Mais, ao igual que hoxe, a perspectiva está influída pola formación ideolóxica do espectador. No século XIX, entre os non galegos, Galiza sempre se viu como parte de España e Santiago de Compostela foi centro de peregrinación cristiá a nivel mundial. No seu papel de lugar en que descansaban os restos do Santo Patrón de España, era necesariamente cidade española. A identidade galega estaba intimamente relacionada cos coñecementos do Reino de Galiza e co recoñecemento dos elementos que o diferenciaban da España castelá, leonesa, aragonesa e andaluza. O elemento, tal vez, máis diferenciador era a lingua galega, mais non había gramáticas e para os forasteiros, igual que para os españois, era un simples *dialecto* rural ou *patois*. Pouco había que puidese convencer os visitantes de que o galego fora o medio de expresión cultural na época medieval. Só o viaxeiro máis curioso, non formado unicamente nos estudos oficiais e eruditos da igrexa ía captar o irredutíbel de Galiza. Por iso non se cita a importancia de 1863, ano da publicación do primeiro libro en galego. A partir de 1875, medrara progresivamente a produción literaria en galego, mais *isto* non recibe mención. Claro está, a creación das *Irmandas da Fala* e a aparición do decisivo xornal, *A Nosa Terra*, non puideron formar parte das documentacións até a época de King e Anderson. Non obstante, os debates estaban moi presentes na sociedade que as viaxeiras coñeceron e descubriron.

«Algo» percibían as viaxeiras. Precisamente nesta conxuntura vaise perceber a perspectiva político-cultural das autoras. O proceso de afirmación lingüística que xurdiu co romantismo e que se converteu en Galiza no *Rexurdimento* asociaríase no século XX con Rosalía de Castro. Mais as visitantes anglosaxonas non percibían a importancia política da súa obra: salientaban o seu papel como escritora que captara a ‘alma galega’ e pouco máis. A Pardo Bazán é máis asequíbel e de meirande prestixio como representante da ‘literatura galega’ ou española (Davies 1984). Hartley, que sorprendentemente chega a afirmar *home rule* para Galiza (Hartley 1911: 284-5), de paso asocia a perda de relixiosidade entre a poboación coas ideas políticas. Anderson ten como punto de referencia principal a obra de Sorolla – pintor valenciano – que coñeceu na colección da *Hispanic Society* e cuxos traxes ela tentou atopar nas súas viaxes. Como as súas devanceiras, levaba unha imaxe pre- e de-formada do que encontraría e esforzouse por comprobala. Mérito ten que, ao non acadar o seu obxectivo de encontrar unha presenza cotiá da vestimenta pintada por Sorolla, procurase outros valores étnicos do país. É Anderson quen se refire a Galiza como grupo de provincias, en contraste con Leck³⁸, Hartley e Meakin, que falan da ‘provincia de Galiza’, en singular.

6. A lingua

Richard Ford, xa cara á metade do século XIX, fixera observacións non moi positivas en canto ao xeito de falaren os galegos. Escrebeu que:

The language of Galicia, a patois, harsh and uncouth to the ear, is quite unintelligible to Spaniards, who laugh at their use of the *u* for *o*; e.g. *cuandu*, *pocu*. It approaches nearer to the Portuguese than the Spanish, and would have become the dominant language of the Peninsula, had not Alfonso el Sabio drawn up his legal codes in Castilian...» (Ford 1855: 589).

Aínda que emprega o termo despectivo de *patois*, polo menos reconece que nestas terras a xente fala de modo moi diferente. Borrow (1843: 351 e ss.) é máis obxectivo; admite non comprender ben a lingua, o cal indicaría un estatus superior ao de dialecto.

³⁸ «Galiza, mountainous, well wooded and well watered, is one of the most beautiful provinces of Spain. Its inhabitants, like the natives of most mountainous lands, are passionately attached to their home» (Leck 1884: 39).

Non se pode esperar que as viaxeiras tivesen unha conciencia moi desenvolvida da lingua a pesares dos esforzos das *Irmandades* e outros grupos. Bates di que a súa compañeira de viaxe, a «historiadora»³⁹, persegue a un camponés para recuperar o seu baúl e que lle falou en «inspired Galician»: será pura piada. A lingua rural non lle poderá merecer respecto xa que toda Galiza é un lugar miserábel, fedento, primitivo e doente⁴⁰. En troques, Hartley refutará esta actitude, múltiples veces. Anderson non criticará a maneira de falar dos galegos, aínda que exprese a súa preocupación polo «tipo de castelán que estaban aprendendo en Galiza».

Porén, case todas as viaxeiras recoñecen o valor poético da lingua, o acento que chaman «Gallegan» e as obras que tiveron tanta sona na Edade Media. Algunhas mencionan as coplas populares e citanas. Outras, como Meakin, reproducen textos en inglés que son verdadeiras xoias da tradución, aínda que non aclaran quen os traduciu. Todas son conscientes do glorioso pasado da lingua galega. Varias afirman o seu valor literario e a súa relación cunha remota herdanza celta. Ningunha, porén, chega a afirmar o seu valor como lingua igual ao castelán. O peso do nacional (é dicir, do nacional español) como marco e pauta para lexitimar unha lingua móstrase moi forte nestas escritoras e noutros visitantes. Varias veces unha autora trabúcase. Bates, por exemplo, di que comprou unha *figa* que lle dixeron era eficaz contra as ‘doenzas dos ollos’. Supostamente interpretou o termo «mal de ollo/oyo» como enfermidade ocular en vez de sinónimo de feitizo. Bates, aínda que é poeta, non recoñece os logros literarios do idioma. En contraste, Georgiana King e outras non dubidan en citar poemas en galego, sexa da Idade Media ou de Rosalía. Hartley afirma que Manuel Curros Enríquez é o mellor poeta galego vivo e engade: «The strong Gallegan poetry is turning, it has seemed to me, to a new kind of spiritual instinct, for which the genius of the people is as yet seeking an appropriate form» (Hartley 1911: 288).

Tal vez non se lles debe esixir máis en canto á percepción do *galego*. Varias delas mostran imprecisións no uso do *castelán*. Descreben as súas conversas, mais a súa verdadeira capacidade de se comunicar a miúdo tórnase dubidosa. Anderson, aínda

³⁹ «Katharine Coman (23 November 1857-11 January 1915) was a social activist and distinguished economist. She specialized in teaching about the development of the American West. Wellesley College named a professorship in her honor...She was professor of history (1883-1900), then chaired the Economics Department, and was dean of Wellesley College. Coman lived in a Boston marriage with fellow professor Katharine Lee Bates (author of “America the Beautiful”) for 25 years, from 1890 until Coman’s death from cancer in 1915». Disponível en: http://en.wikipedia.org/wiki/Katharine_Coman [consult. 28.02.2011].

⁴⁰ Vemos que no resto do seu libro, Bates oscila entre un humor condescendente polo español, en xeral, e un respecto ou fascinación por certos ritos e o espectáculo público. Bates lembra ao lector de cando en vez que ela é protestante, non católica.

que ofrece un longo catálogo de termos para a vida rural, nunca manifesta saber que son palabras galegas; tamén mostra inseguridade ortográfica. Dada a súa grande capacidade de observación, o ollo de fotógrafa que a leva a xuntar texto con imaxes de maneira moi áxil, é estraño que non dedicase máis atención á realidade lingüística.

Sabemos que as primeiras viaxeiras á Galiza eran persoas especiais, que se afastaban da norma para coñeceren as terras da costa norte. Eran intelectuais, escritoras e/ou educadoras. Tiñan preparado a conciencia as súas viaxes e tiñan obxectivos que querían acadar. Foron a moitos dos mesmos sitios e observaron moitas das mesmas cousas. Mais a lente con que observaron non era igual: cada viaxeira levaba a *súa* «lente» e, por máis favorábeis que fosen, ese punto de partida limitou a penetración na sociedade propiamente *galega*. Só que algunhas non *se decataron* do moi lonxe que andaban de comprenderen, mentres que outras *arelaban* aprender o que puidesen.

Referencias bibliográficas

Anderson, R. M. (1939): *Gallegan Provinces of Spain. Pontevedra and La Coruña* (NY: Hispanic Society of America).

Bates, K. L. (1900): *Spanish Highways and Byways* (NY: The MacMillan Company).

Borocz, J.(1992): «Travel-Capitalism: The Structure of Europe and the Advent of the Tourist», *Comparative Studies in Society and History*. Vol. 34, 4, 708-741.

Borrow, G. (1843): *The Bible in Spain; or, the journeys, adventures, and imprisonments of an Englishman, in an attempt to circulate the Scriptures in the Peninsula* (Londres: John Murray).

Bushman, C. (1992): *How America Discovered Columbus* ((Lebanon: NH University Press of New England).

Buzard, J. (2002): «The Grand Tour and after (1660-1840)», en Hulme, P. / Youngs, T. (eds.), *The Cambridge Companion to Travel Writing*, 37-52 (Cambridge: Cambridge UP).

Cal, R. (1998): «Origen de la prensa nacionalista gallega: Apuntes divulgativos», *Revista Latina de Comunicación Social*, 11. Disponível en <http://www.lazarillo.com/latina/a/16rosa.htm> [consult. 28.02.2011].

Davies, C. (1984): «Rosalía de Castro's Later Poetry and Anti-Regionalism in Spain.», *The Modern Language Review*. Vol. 79, 3, 609-619.

Fita e Colomé, F. (1880): *Recuerdos de un viaje a Santiago de Galiza* (Madrid: Impr. de los sres. Lezcano).

Ford, R. (1855) [1845]: *A hand-book for travellers in Spain, and readers at home, describing the country and cities, the natives and their manners; the antiquities, religion, legends, fine arts, literature, sports, and gastronomy: with notices on Spanish history* (Londres: J. Murray).

Ford, R. (1906): *Gatherings from Spain* (Londres: Dent).

Gifra-Adroher, P. (2000): *Between History and Romance* (Londres: Associated University Presses).

Hartley, C. G. (1911): *Spain Revisited: A Summer Holiday in Galiza* (NY: James Pott & Co).

Hartley, C. G. (1912): *The Story of Santiago de Compostela* (London: J.P. Dents and Sons) / (NY: E.P. Dutton & Co).

King, G. G. (1920): *The Way of St. James*, 3 vols. (New York: G. P. Putnam's Sons and the Hispanic Society of America).

Leck, J. (1884): *Iberian Sketches: Travels in Portugal and the North-West of Spain* (Glasgow: Wilson & McCormick).

Meakin, A. (1909): *Galiza, Switzerland of Spain* (Londres: Methuen & Co).

Mitchell, D. (1990): *Travellers in Spain* (London: Cassell).

Morgan, M. (2001): *National Identities and Travel in Victorian Britain* (New York: Palgrave).